



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 11/2019 (7/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA, 18 DE DECEMBRO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000582

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 11/2019 (7/2019 do mandato 2019-2023)

CARÁCTER : Extraordinaria (mércores 18 de decembro de 2019 ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible e dentro dos prazos establecidos en cadanseu expediente, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, **convoco sesión extraordinaria do Pleno, para o mércores 18 de decembro de 2019, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte


ORDE DO DÍA

- 1.-** Aprobación das actas das sesións 7/2019, extraordinaria organizativa (2ª), do 24 de xullo de 2019, e 8/2019, ordinaria, do 26 de setembro de 2019.
- 2.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020", da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial, no que corresponde ao Concello de Carral, de estatutos para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 13/12/2019 11:17:00)

Diego García Doval (FECHA: 13/12/2019 11:03:00)

Decreto Nº: 574/2019 - Fecha de decreto: 13/12/2019

Versión imprimible

CVD: ibwvWU1C7//DjftKNLGT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.